REUNIÓN DA COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
04 XUÑ. 2018
Núm. 9553

A Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 8 de xuño de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais

1.1 23343 (10/POC-003871)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David
Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o control da poboación da "Vespa velutina" ou tártago asiático, o plan de trampeo que vai desenvolver no ano 2018 e a partida orzamentaria existente para a loita contra esta especie, así como as liñas de investigación abertas e previstas para ese fin e os acordos adoptados pola Comisión de seguimento ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

1.2 24536 (10/POC-004107)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis
Sobre os datos referidos ás accións formativas impartidas na campaña de 2017 aos distintos colectivos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, e en particular as relativas aos lumes de última xeración
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

1.3 26905 (10/POC-004366)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e 3 máis
Sobre a publicación e as conclusións do informe presentado no Consello da Xunta de Galicia levado a cabo o día 1 de febreiro de 2018 en relación cos convenios de colaboración asinados no ano 2017 pola Consellería do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
04 XUÑ. 2018
Núm. 9553

Medio Rural con trinta e cinco concellos galegos para a adquisición de tractores e apeiros para traballos de prevención dos incendios forestais, así como os datos e as previsións ao respecto para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 272, do 07.03.2018

1.4 28962 (10/POC-004648)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
González Vázquez, José e 7 máis
Sobre as medidas que se están a adoptar nos concellos da Costa da Morte para evitar a extensión da praga de couza guatemalteca da pataca, en especial ás zonas altamente produtivas da comarca de Bergantiños
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 293, do 18.04.2018

1.5 29548 (10/POC-004719)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para trasladar ás persoas afectadas a información necesaria en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira, os atrancos que ocasionaron a súa interrupción, así como o investimento levado a cabo e previsto para a súa execución e as actuacións que vai desenvolver para o seu remate
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 297, do 26.04.2018

1.6 29660 (10/POC-004733)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 297, do 26.04.2018

1.7 31084 (10/POC-004911)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a valoración e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da conversión, na proposta de modificación do PXOM do Concello de Curtis, da totalidade do solo rústico de especial protección agropecuaria e gran parte do solo rústico de protección forestal en solo rústico de protección ordinaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 309, do 23.05.2018

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
04 XUÑ. 2013
Núm. 9553

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2014

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por: Moisés Blanco Paradelo, na data 04/06/2018 13:30:29

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 7ª, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Moisés Blanco Paradelo	P

Vicepresidente

Daniel Vega Pérez	P

Secretario

José Manuel Pérez Seco	S

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

Día: 08.06.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 23343(10/POC-003871)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as medidas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia para o control da poboación da "Vespa velutina" ou tártago asiático, o plan de trampeo que vai desenvolver no ano 2018 e a partida orzamentaria existente para a loita contra esta especie, así como as liñas de investigación abertas e previstas para ese fin e os acordos adoptados pola Comisión de seguimento ao respecto

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 18:02
Nº Rexistro: 23343
Data envio: 16/01/2018 18:02:02.722

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.ª**, sobre a vespa velutina.

Como xa trasladamos noutras iniciativas presentadas, a vespa velutina nigrithorax, coñecida tamén como "tártago asiático" é unha especie invasora que leva instalada en Galicia dende o ano 2012 e que está a provocar numerosos efectos perxudiciais.

Representa unha clara ameaza cara a biodiversidade xa que despraza ás especies autóctonas e provoca grandes danos. A situación vai empeorando a medida que pasa o tempo, e temos que buscar medidas con carácter urxente. Precisamos de todos os medios e recursos para frear o avance da vespa asiática.

A prevención debe ser unha das prioridades nesta loita e ademais é fundamental que todos os organismos estean coordinados e teñan un único espazo para pór en marcha as medidas precisas.

Enmarcada no ámbito da prevención, debemos impulsar máis decididamente a investigación. Temos que coñecer mellor a especie, o seu ciclo biolóxico, alimentación, comportamento e expansión para ter ferramentas máis útiles para crear mecanismos de control, especialmente de loita biolóxica. É preciso ademais desenvolver estudos sobre o seu impacto nas colonias de abellas e no sector apícola, sobre novos métodos de contención e realizar unha avaliación da incidencia real da velutina nos sectores agrícolas e forestais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 18:02
Nº Rexistro: 23343
Data envio: 16/01/2018 18:02:02.722

GRUPO PARLAMENTAR en marea

En todas as épocas do ano debemos prestar especial atención á divulgación social e á formación de todas as persoas que participan no proceso de control da vespa, para o que resulta fundamental contar co conxunto da sociedade, posto que todavía existe moita desinformación, por exemplo, na distinción da especie Vespa velutina doutro tipo de véspidos ibéricos, autóctonos.

Resulta imprescindible polo tanto incrementar a formación do persoal das asociacións de apicultores, das persoas das administracións competentes na xestion da problemática, dos axentes de medio rural, axentes forestais e de medio ambiente. Pensamos que é fundamental a coordinación entre os distintos actores implicados na loita contra esta especie e a procura de financiamento público para desenvolver novos estudos e investigacións sobre a Vespa Velutina e o seu impacto.

Por todo o anteriormente exposto presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta en comisión:

1) Que medidas está levando a cabo a Xunta de Galicia para o control poboacional da vespa velutina?

2) Que plan de trampeo ten previsto efectuar a Xunta de Galicia no ano 2018?

3) Estase a levar a cabo algún rexistro das trampas colocadas?

4) Que partida orzamentaria hai adicada a loita contra a vespa velutina?

5) Que liñas de investigación hai abertas e cales se pretenden abrir para a loita contra a vespa velutina?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 18:02
Nº Rexistro: 23343
Data envio: 16/01/2018 18:02:02.722

GRUPO PARLAMENTAR en marea

6) Que acordos se tomaron e quen participou na última Comisión de Seguimento?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2018 18:00:35

David Rodríguez Estévez na data 16/01/2018 18:00:42

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 24536(10/POC-004107)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre os datos referidos ás accións formativas impartidas na campaña de 2017 aos distintos colectivos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais, e en particular as relativas aos lumes de última xeración

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24536
Data envio: 30/01/2018 19:27:08.207

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Patricia Vilán Lorenzo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e en todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e o mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo, tiveron un impacto desastroso a todos os niveis, destacando, en primeiro lugar, o nivel familiar e comunitario (ca perda de vidas humanas na catástrofe); o nivel medio ambiental (afectando a espazos naturais, bosques, fauna, etc) e o socioeconómico (con especial impacto no rural, afectando a moitos postos de traballo, vivendas, infraestruturas, etc).

A gran cantidade de lumes, que se deron nesa fin de semana negra para Galicia, sumada ás condicións meteorolóxicas adversas, supuxeron unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, económica e, incluso, para a nosa propia idiosincrasia, atacando a nosa propia percepción sobre o coidado do medio ambiente e da nosa terra. Esta calamidade foi capaz de sacar o mellor dos galegos e galegas tratando de atallar os diversos focos que se ían propagando e prendendo ao longo e ancho do noso territorio.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24536
Data envio: 30/01/2018 19:27:08.207

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Se un está atento a queixas e reivindicacións dos representantes do servizo público de incendios ou si un fala con calquera membro deste servizo atoparase coa queixa da escasa formación que reciben, sobre todo tendo en conta a evolución dos lumes nas últimas décadas onde a irrupción dos lumes nos ámbitos urbanos e interurbanos cada vez son máis frecuentes ao igual que outras tipoloxías de lumes.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cantas accións formativas se impartiron na campaña 2017 aos distintos colectivos do servizo público de incendios?

2ª) Que accións formativas se impartiron na campaña 2017 aos distintos colectivos do servizo público de incendios, especificadas por materia?

3ª) Dentro destas accións formativas, están incluídas as que preparan aos distintos colectivos do servizo público de incendios para os lumes de última xeración, cales?

Pazo do Parlamento, 30 xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 30/01/2018 19:18:02

José Antonio Quiroga Díaz na data 30/01/2018 19:18:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 30/01/2018 19:18:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 26905(10/POC-004366)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 3 máis

Sobre a publicación e as conclusións do informe presentado no Consello da Xunta de Galicia levado a cabo o día 1 de febreiro de 2018 en relación cos convenios de colaboración asinados no ano 2017 pola Consellería do Medio Rural con trinta e cinco concellos galegos para a adquisición de tractores e apeiros para traballos de prevención dos incendios forestais, así como os datos e as previsións ao respecto para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 272, 07.03.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:09
Nº Rexistro: 26905
Data envio: 26/02/2018 11:09:41.222

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

No Consello da Xunta desenvolvido o 1 de febreiro de 2018 presentouse un informe relativo aos convenios asinados en 2017 pola Consellería do Medio Rural e 35 concellos galegos, para a adquisición de tractores e apeiros co obxectivo da roza e limpeza de maleza para prevención dos incendios forestais.

O orzamento total dedicado á materialización destes convenios de colaboración foi de máis de tres millóns de euros para a compra de tractores neses municipios, que percibiron ata 90.000 euros para a compra desta maquinaria con dous apeiros para rozas", segundo se reflicte na información aos medios facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia.

Tamén se manifesta a intención do Goberno galego de repetir este proceso iniciado por primeira vez en 2017, e que o Consello da Xunta tivo coñecemento nese consello dun informe final sobre o proceso.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Onde está publicado o dito informe para consulta pública da cidadanía?

2ª) Que conclusións se establecen no dito informe?

3ª) Cales foron os motivos polos que o Goberno galego estableceu estas axudas en forma de convenios nominativos?

4ª) Cales foron os criterios establecidos pola Xunta de Galicia para asinar convenios de colaboración con 35 concellos?

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2018 11:09
Nº Rexistro: 26905
Data envio: 26/02/2018 11:09:41.222

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

5ª) Cales son os 35 concellos cos que a Xunta de Galicia asinou convenios de colaboración no exercicio 2017?

6ª) Cales van ser os concellos cos que a Xunta de Galicia vai asinar convenios de colaboración no exercicio 2018 para adquisición desta maquinaria?

7ª) Cal é o orzamento que vai dedicar a Xunta de Galicia para este exercicio 2018 para o establecemento de convenios de colaboración cos concellos galegos para a compra de tractores e apeiros para rozas?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/02/2018 11:08:38

José Antonio Quiroga Díaz na data 26/02/2018 11:08:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2018 11:08:54

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/02/2018 11:08:59

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 28962(10/POC-004648)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 7 máis

Sobre as medidas que se están a adoptar nos concellos da Costa da Morte para evitar a extensión da praga de couza guatemalteca da pataca, en especial ás zonas altamente produtivas da comarca de Bergantiños

Publicación da iniciativa, 293, 18.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28962
Data envio: 06/04/2018 16:16:59.740

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

José González Vázquez, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Carlos Gómez Salgado, Moisés Blanco Paradelo e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

No ano 15 foi identificada a presenza en Galicia dunha praga producida pola Tecya Solanivor e coñecida como Couza Guatemalteca, pola súa orixe centroamericana.

A presenza deste lepidóptero foi detectada en distintos concellos do Norte das provincias de A Coruña e Lugo, onde se adoptaron medidas fitosanitarias urxentes para tentar de controlar e erradicar a súa presencia.

Estas medidas afectan a produtores e almacéns, obrigando aos primeiros a colocar trampas con feromona sexual para a captura masiva deste insecto, a utilizar semente certificadas e con garantías sanitarias, realizar tratamentos fitosanitarios, e retirar e destruír todos os tubérculos danados, co fin de controlar a praga prohibindo a saída destas zonas de toda a pataca.

Asemade establece medidas para os almacéns comercializadores, como separación da pataca de semente e de consumo, utilización de mallas tupidas para evitar a entrada da couza e desinfectar os almacéns e ferramentas.

Ata ese momento a couza soamente fora localizada nas Illas Canarias, dentro do territorio do Estado Español.

O pasado mes de Marzo temos coñecido a aparición deste insecto en varias parroquias do Concello de Muxía, na provincia de A Coruña.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte pregunta:

Que medidas se están a tomar nos concellos da Costa da Morte para evitar a extensión desta praga, que podería afectar a zonas altamente produtivas da comarca de Bergantiños?

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/04/2018 16:30
Nº Rexistro: 28962
Data envio: 06/04/2018 16:16:59.740

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2018

Asinado dixitalmente por:

José González Vázquez na data 06/04/2018 16:13:34

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/04/2018 16:13:56

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/04/2018 16:14:02

Raquel Arias Rodríguez na data 06/04/2018 16:14:03

Silvestre Balseiros Guinarte na data 06/04/2018 16:14:09

Carlos Gómez Salgado na data 06/04/2018 16:14:16

Moisés Blanco Paradelo na data 06/04/2018 16:14:32

Daniel Vega Pérez na data 06/04/2018 16:14:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 29548(10/POC-004719)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para trasladar ás persoas afectadas a información necesaria en relación co proceso de concentración parcelaria decretado no ano 2000 no concello de Catoira, os atrancos que ocasionaron a súa interrupción, así como o investimento levado a cabo e previsto para a súa execución e as actuacións que vai desenvolver para o seu remate

Publicación da iniciativa, 297, 26.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envio: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A concentración parcelaria de Catoira (Catoira-Pontevedra) foi declarada de utilidade pública, interese social e urxente execución polo Decreto 186/2000, do 29 de xuño (DOG nº 137, do 14 de xullo).

Decretada no 2000 , impúlsase no 2005 coa contratación e redacción do Estudo de Impacto Ambiental e proxecto de camiños. O levantamento topográfico e as bases provisionais son de outubro de 2006 e as bases definitivas de outubro de 2007.

No ano 2008 licitouse a realización do proxecto de concentración das novas leiras, a prospección arqueolóxica intensiva das trazas dos camiños e a execución da rede principal de camiños. Este último investimento cun orzamento total de 3.426.232,26 €.

En outubro de 2008 o delegado provincial do Medio Rural, Gonzalo Constenla, preside a xuntanza de ratificación do documento básico de identificación e de clasificación da propiedade e declara:

A priorización e impulso deste proceso de concentración parcelaria realizouse tendo en conta a aptitude agraria, moi especialmente polo cultivo de viñedo, das terras deste municipio, que forma parte da denominación de Viños da Terra de Barbanza e Iria,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envio: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á vez que supón unha clara aposta pola valorización da superficie rústica mediante a ampliación da base territorial das explotacións agrarias e forestais, co fin de superar a atomización da propiedade que impide a viabilidade das mesmas.

Comprende nunha superficie total de 2.900 ha., a totalidade do solo rústico do concello de Catoira, polo que foron excluídos os núcleos rurais de poboación. Trátase dunha gran superficie de 2.738 ha e de acusada complexidade, dada a estrutura da propiedade: 22.653 parcelas e os 2.433 propietarios. Comprende as parroquias de: San Pedro de Dimo, Santa Baia de Oeste, San Mamede de Abalo e a de San Miguel de Catoira, que fan a totalidade do concello.

En novembro de 2008 expóñense as bases definitivas tendo ata o día 3 de decembro prazo para consultalas, podendo facelo tamén na páxina web do concello. Anúnciase tamén que os boletíns individuais de cada propietario serán enviados por correo certificado en datas próximas comunicándoselles o prazo de 30días para presentaren as reclamacións que consideraren oportunas en canto a superficie ou clasificación das parcelas que lles corresponden.

Segundo se di na orde de 11 de febreiro de 2011 de Medio Rural, DOG-29:

“En fase de bases definitivas, comunicados aos titulares dos predios ás súas achegas, presentáronse numerosos escritos, ben de cambios de titularidade ou de falta de cabida.

Como consecuencia dos traballos de investigación da propiedade constatouse a gran fragmentación da zona (22.653 parcelas) -máis acusada do previsto nos estudos previos- e o elevado número de propietarios (2.433), o que provoca que os traballos de concentración -xa en por si complexos- resulten excesivamente complicados, o que ademais de redundar en prexuízo da súa calidade e desenvolvemento, ralentiza de xeito considerable e innecesario a marcha do proceso concentrador. Isto é máis acusado nas

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envio: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parroquias de San Pedro de Dimo e Santa Baia de Oeste."

Dise tamén que o proceso se ve ralentizado polos numerosos escritos xerados e argumenta que de se trataren de dous procesos independentes daría máis fluidez ó proceso xeral. E así se decreta.

E aquí remata tamén o proceso. Certas son as reclamacións, máis de 1000, mais tamén é certo que desde esa data 2008 nada se fixo e vai para 10 anos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-¿Cando se vai dá-la información debida ós afectados polo proceso de concentración parcelaria do Concello de Catoira?

-Cales son os escollos que levaron á interrupción do proceso?

-Canto se leva gastado no feito e en canto se calcula o custo do que resta por facer?

-Que ten pensado face-la Consellería para rematar con ben este proceso que demanda a veciñanza do concello de Catoira?

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2018 10:55
Nº Rexistro: 29548
Data envio: 18/04/2018 10:55:29.153

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/04/2018 10:53:50

María Montserrat Prado Cores na data 18/04/2018 10:53:56

Ana Pontón Mondelo na data 18/04/2018 10:53:58

Olalla Rodil Fernández na data 18/04/2018 10:53:59

Noa Presas Bergantiños na data 18/04/2018 10:54:00

Xosé Luis Bará Torres na data 18/04/2018 10:54:02

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 29660(10/POC-004733)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre as previsións do Goberno galego referidas á realización dalgunha xuntanza cos representantes dos axentes forestais e medioambientais para reabrir as negociacións e cumprir os acordos acadados

Publicación da iniciativa, 297, 26.04.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:56
Nº Rexistro: 29660
Data envio: 19/04/2018 11:56:42.898

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Paula Quinteiro Araújo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª,** sobre a situación na que se atopan as e os axentes forestais e medioambientais de Galiza.

A Xunta de Galicia, leva dende o ano 2017 coas negociacións paradas cos e cas axentes forestais e medioambientais.

Os representantes legais destes e destas traballadoras asinaron coa Administración Pública galega o "Acordo sobre condicións de traballo da escala de Axentes Forestais" o 24 de xuño do 2004, sobre o réxime de prestación de servizos, horarios, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas da escala de Axentes Forestais de Galicia e que foi publicado no Diario Oficial de Galicia o 31 de marzo de 2005. Este acordo leva caducado máis de catro anos.

As traballadoras e traballadores, así como as organizacións sindicais, solicitaron en varias ocasións á Xunta de Galicia que se renovara o dito acordo, estás negociacións que se iniciaron tras a vaga de lumes de 2017, e quedaron suspendidas de xeito unilateral por orde da Dirección Xeral de Función Pública en decembro do citado ano.

A Xunta incumpre os acordos cos Axentes Forestais e Medioambientais que actualmente ten unha situación precaria. Son varios os incumprimentos de acordos asinados cos axentes medioambientais e, entre eles, o primeiro que incumpren e o da redacción dun novo regulamento de funcións da escala, asinado o 15 de setembro de 2016, onde as Consellerías de Facenda, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Consellería de Medio Rural se comprometían a no ano 2016 redactar un novo regulamento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:56
Nº Rexistro: 29660
Data envio: 19/04/2018 11:56:42.898

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Outro acordo que se está a incumprir é o que trata sobre a formación da nova escala de axentes onde a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria asinaba con Medio Ambiente e Medio Rural un convenio onde se comprometía a iniciar a formación no curso académico 2017-2018.

Nun comunicado recente dos representantes sindicais, as traballadoras e traballadores do servizo están a valorar ir á folga indefinida na vindeira campaña de incendios, posto que ven como se acerca unha nova campaña de alto risco sen obter resposta dunha reunión para a negociación dunhas condicións de traballo dignas cun novo acordo onde se regule o réxime de prestación de servizos e horarios deste persoal que se adapte ás novas condicións climatolóxicas actuais e que sexa operativo para atallar os lumes de nova xeración.

De facerse efectiva esta folga, a Xunta de Galicia quedará sen directores de extinción, figura clave nun lume e que só eles poden levar a cabo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Pregunta:

- Ten pensado a Xunta de Galiza reunirse de forma urxente cos e cas representantes dos e das axentes forestais e medioambientais para retomar así as negociacións e cumprir os acordos que hoxe a Xunta de Galicia non está a levar a cabo?

Santiago de Compostela a 16 de abril de 2018.

Asdo.: David Rodríguez Estévez
Paula Quinteiro Araújo
Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/04/2018 11:56
Nº Rexistro: 29660
Data envio: 19/04/2018 11:56:42.898

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 19/04/2018 11:51:55

Paula Quinteiro Araújo na data 19/04/2018 11:52:03

Reunión da Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes
Día: 08.06.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 31084(10/POC-004911)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a valoración e as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da conversión, na proposta de modificación do PXOM do Concello de Curtis, da totalidade do solo rústico de especial protección agropecuaria e gran parte do solo rústico de protección forestal en solo rústico de protección ordinaria

Publicación da iniciativa, 309, 23.05.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:06
Nº Rexistro: 31084
Data envio: 16/05/2018 17:06:16.365

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

O Concello de Curtis, de 116km2 e cunha poboación de 4.000habitantes está sendo noticia nestes últimos tempos, desta vez pola modificación do PXOM e pola controversia espertada dentro e fóra do concello.

As modificacións dos PXOM sempre suscitan debate, por veces acalorados, entre os veciños, mais neste caso o debate traspasa as fronteiras municipais.

Nesta, en concreto suprime a totalidade do Solo Rústico de Especial Protección Agropecuaria e grande parte do Solo Rústico de Protección Forestal pasando todo el a Solo Rústico de Protección Ordinaria.

Velaí o incremento e a legalización do caos existente. Vexamos:

--As plantacións forestais, ata o de agora ilegais, en superficies agrarias deixarían de seren ilegais.

--O concello fai deixación da facultade de ordenar as diferentes categorías de solo para que non haxa interferencias entre o forestal e o agrogandeiro permitindo así que aparezan no futuro conflitos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:06
Nº Rexistro: 31084
Data envio: 16/05/2018 17:06:16.365

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-- Sen a protección necesaria parte da superficie agraria vai deixar de ser tal e pasará a ser ocupada polo forestal en detrimento do sector agrícola e gandeiro de Curtis e das necesidades da poboación deste País.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Cal é a valoración que fai a Consellería de Medio Rural destas medidas adoptadas polo concello de Curtis na pretendida modificación do seu PXOM?

--Non ten nada que dicir a Consellería de Medio Rural ante a posibilidade de cambio de uso efectivo das terras agrícolas no momento en que se aprobe esta modificación?

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Montserrat Prado Cores
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Luis Bará Torres
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/05/2018 17:06
Nº Rexistro: 31084
Data envio: 16/05/2018 17:06:16.365

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/05/2018 17:04:45

María Montserrat Prado Cores na data 16/05/2018 17:04:49

Ana Pontón Mondelo na data 16/05/2018 17:04:51

Olalla Rodil Fernández na data 16/05/2018 17:04:52

Noa Presas Bergantiños na data 16/05/2018 17:04:54

Xosé Luis Bará Torres na data 16/05/2018 17:04:55